



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **28 de decembro de 2012**, adoptou o seguinte acordo:

3.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE EQUIPAMENTO SOCIAL E CULTURAL DA AAVV DA PRAZA DA MIÑOCA . EXPTE. 1587/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 27-12-12 do secretario da Mesa de Contratación, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal d28-12-12, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de equipamento social e cultural da AA.VV. Da Praza da Miñoa (expediente 1587-440) por un prezo de 736.488,28 € (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE DE 127.820,28 €, un prazo de garantía de 68 meses e unha aportación ao control de calidade do 4%.

A efectos do cumprimento do recollido no Prego de Clausulas Administrativas Particulares para a contratación da obra de referencia, no apartado 16.A) das FEC relativo as condicións especiais de execución, e tendo en conta a citado anteriormente, a empresa DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS S.L. deberá xustificar o cumprimento da contratación do seguinte incremento de recursos persoais, a maiores do mínimo esixido no PCTP:

TEMPO DE PERMANENCIA NA OBRA	UD	DESCRIPCIÓN CATEGORIA PROFESIONAL
1893	HORAS	OFICIAL DE 1 ^a
1252	HORAS	AXUDANTE

Este incremento de personal deberá ser contratado coa condición de que o traballador ou traballadora, este en situación legal de desemprego de longa duración baixo a especificación de que dita persoa estivese inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego polo menos 12 meses antes da data de contratación.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a catro de xaneiro do ano dous mil trece.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.

